

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.80258>



EDICIONES
COMPLUTENSE

PALACIOS, Manuela (ed.) (2019): *ΑΝΘΟΛΟΓΙΑ ΝΕΩΝ ΓΑΛΙΚΙΑΝΩΝ ΠΟΙΗΤΩΝ / Antoloxía de Poesía Galega Nova*. Athens: Vaxxikon, 156 pp.

Sempre é un orgullo coñecer da edición dunha nova antoloxía de literatura galega noutras linguas. Neste caso atopámonos cunha edición bilingüe en galego e grego de poesía contemporánea.

Ανθολογία Νέων Γαλικιανών Ποιητών / Antoloxía de poesía galega nova presenta dez poetas nados entre 1983 e 1992, dez poetas *millennial*, e que producen actualmente unha literatura fortemente condicionada polas subsecuentes crises económicas e sociais dos seus anos de formación e adulez durante finais do século XX e comezos do XXI.

O libro, configurado dentro da colección que ten a editora grega Vaxxikon de poetas novos en distintos países, está coidadosamente editado por Manuela Palacios, quen xa conta cunha importante traxectoria na promoción da poesía galega no estranxeiro, a través da coordinación de volumes como *To the Winds Our Sails: Irish Writers Translate Galician Poets* (Salmon Poetry, 2010), *Six Galician Poets* (Arc Publications, 2016) ou *Migrant Shores: Irish, Moroccan & Galician Poetry* (Salmon Poetry, 2017), por mencionar algúns.

Os textos están traducidos ao grego por Sofia Karatzá e Teresa Pardo e preséntanse en formato bilingüe a dobre páxina, primeiro na súa versión orixinal en galego, e despois en grego co seu alfabeto propio.

Por orde de aparición no libro, Tamara Andrés, Antón Blanco, Jesús Castro Yáñez, Alba Cid, Francisco Cortegoso, Lara Dopazo Ruibal, Rosalía Fernández Rial, Gonzalo Hermo, Arancha Nogueira e Xabier Xil Xardón van abrindo portas aos diferentes ámbitos polos que se move a poesía galega contemporánea.

Hai que poñer o foco tamén na escolla consciente por promover unha representación paritaria en cuestión de xénero establecendo un canon igualitario de cinco escritoras e cinco escritores. É interesante a escolla dos apelidos na orde no libro, xa que aínda que é totalmente

arbitraria remata por crear unhas bonitas sinerxías entre uns textos e os seguintes.

Tamara Andrés (Poio, 1992) abre o conxunto con tres textos de *Corpo de Antiochia* (Galaxia, 2017) e introduce con eles ao lector na procura da beleza a través da literatura.

Andrés traballa moi intelixentemente coa memoria e o surrealismo a través de versos curtos e explora a identidade propia en relación coa contorna e co pasado. E xustamente o fio condutor da antoloxía é a identidade, xa sexa propia, colectiva ou imaxinada.

Após este punto de vista máis onírico, atopámonos coa lírica de Antón Blanco (Vilagarcía de Arousa, 1996) cunha clara intención de análise e introspección antropolóxica a través da poesía. Os textos, sacados do poemario *Tres estudos para un poema da cidade* (Galaxia, 2018), exploran o individual e o colectivo en relación ao eu poético.

A escrita de Jesús Castro Yáñez (A Pastoriza, 1992) é unha escrita quizais das máis breves en extensión que imos atopar na antoloxía; é unha escrita sen medo a tratar os grandes temas da literatura a través desta brevidade, como balas directas a puntos vitais.

Os poemas representativos de Castro, tomados do magazine *Obituario* (Fundación Málaga, 2015) e os seus poemarios individuais *Os nomes e os himnos* (Espiral Maior, 2016) e *Ultramarino* (Chan da Pólvora, 2017), son un claro exemplo da exploración en forma e ritmo que o poeta produce con cada novo proxecto. É de agradecer atoparse unha poesía difícil de catalogar e que involucra á persoa que le para que tome partido dun ou outro xeito.

Alba Cid (Ourense, 1988) aparece despois facendo un exercicio de atracción doutras culturas á galega. Utiliza a etnografía allea para examinar a propia identidade e prácticas culturais. Os textos de Alba Cid están sacados de diferentes publicacións como *Dorna 38* (2015) ou a antoloxía *No seu despregar* (Apiario,

2016), xa que a súa única obra individual, *Atlas* (Galaxia, 2019) foi publicada posteriormente a este volume. As referencias intertextuais e interartísticas das que tira na súa lírica como poden ser a poeta clásica Safo, a pesca tradicional con corvo mariño no Xapón ou documentos antigos de todo tipo, que se inclúen xunto aos versos, son o que fan única a poesía de Cid no panorama contemporáneo e que ben lle merece un oco nesta representación da poesía galega cara ao exterior.

Chegando ao ecuador de escritores e escritoras e atravesándoo atopamos un curioso caso de emparellamento e contraposición, pois primeiro o xa tristemente falecido Francisco Cortegoso (Bora, 1985) expón a necesidade de relación do Eu poético coa contorna desde o corpo propio e un punto de vista que extrema o coidado nos detalles ata atopar a beleza e a calma en cada unha das cousas da vida.

A través dos textos de *Memorial e danza* (Espiral Maior, 2014) e *Suicidas* (Chan da Pólvara, 2018) recorreremos unha vasta liña xeográfica e temporal na que o corpo cobra unha importancia vital.

Como dicía antes, case en contraposición aparente e pasada xa a metade dos autores e autoras da antoloxía, está Lara Dopazo Ruibal (Marín, 1985). O emparellamento con Cortegoso parte de que ámbolos dous naceron no mesmo ano e tamén moi preto; no entanto, a lírica de Lara Dopazo é totalmente distinta.

A escritora expresa a través dos seus poemas e dun xeito cru e rigoroso as consecuencias sociais no desamparo que existe na xuventude. A súa obra está chea de continuas referencias ao punto de vista animal. Nos textos escollidos para a antoloxía, uns parten de *Claus e o Alacrán* (Espiral Maior, 2018) e no último publicado na revista *Grial*, é clara a intención de Dopazo en canto a expresión da perda de contacto da humanidade coa natureza e a necesidade aparente de fuxir cara a animalidade.

Cada verso de Lara Dopazo é un tesouro do que brota vida no sentido máis realista e ao tempo fantasioso. Esta mestura entre a pura realidade e a imaxinación crea combinacións nas que unha vez inmersa a persoa que le, non ten máis opción ca deixarse dirixir cara a unha selva frondosa de desacougo na que sempre hai un máis alá, sen perder de vista a esperanza.

A poesía de verso curto de Rosalía Fernández Rial (Carballo-Muxía, 1988) está cargada de simbolismo e silencio. Como se pode ver nos textos da antoloxía, a través dos seus

libros, *En clave de sol* (A.C. Lumieira, 2009), *Vinte en escena* (Edicións Positivas, 2012) e *Ningún amante sabe conducir* (Edicións Positivas, 2014), Rosalía Fernández Rial utiliza diferentes temáticas para introducir a poesía na cotiandade, reservando sempre un espazo central para o silencio e o ritmo como partes indispensables para a comunicación.

Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987) é quizais o poeta cunha traxectoria máis establecida fóra de Galicia debido ao Premio da Asociación Española de Críticas Literarios e ao Premio Nacional de Literatura na modalidade de Poesía Nova Miguel Hernández que lle proporcionou o seu poemario *Celebración* (Apiario, 2014) e as posteriores traducións de este e o seu último poemario *A vida salvaxe* (Pen Club Galicia, 2018) a diferentes linguas da península. É unha sorte poder contar con extractos de ámbolos dous libros nesta antoloxía.

Os textos de Hermo presentan a anomalía como propia. Neles fálase de memoria, costuras e ambivalencias como punto de encontro coa identidade propia e espazo para a celebración propia. A estrañeza e a liberación son a chave para entender cara a onde corre a súa escrita no contexto contemporáneo, pois poucas voces máis atrevidas poden atoparse nos andeis das librarías hoxe en día.

Chegando case ao final da antoloxía está Arancha Nogueira (Ourense, 1989), que nos acompaña con textos extraídos dos seus poemarios *o único lugar onde ficar inmóbil* (Urutau, 2018) e *spleen en catro tempos* (Toxosoutos, 2018) e tamén coa sorpresa dun dos dous poemas inéditos do libro, “Chapapote”, co que, ademais, abre a súa sección. O interesante da poesía de Arancha Nogueira atópase no xeito no que o intimismo atravesará sen pudor a vida diaria, o bo e non tan bo. O exercicio consciente que fai Nogueira por abrir a voz poética ata que case poidamos verlle as entrañas é admirable nun momento no que a alienación social pasa case inadvertida.

Por último, pero non menos importante, pecha a antoloxía Xabier Xil Xardón (Xinzo da Limia, 1983). Os textos de Xil Xardón, ademais, mostran a evolución en estilo na súa traxectoria, desde os versos curtos e directos de *Cando menos a derrota* (Sotelo Blanco, 2009) ata a prosa poética de *Detéxtonos* (Edicións Positivas, 2018); iso si, sen deixar nunca a preocupación polo ritmo que o caracteriza. Xil Xardón agasállanos nos seus textos cunha introspección case violenta na que o eu poético traslada a vida e os pensamentos a feitos e

estampas a modo de espello e a través das que poder romper co que coñecemos para establecer nos mesmos desde a honestidade e o comunitario.

Ανθολογία Νέων Γαλικιανών Ποιητών / Antoloxía de Poesía Galega Nova presenta dez poetas con estilos e temáticas moi heteroxéneos. A escolla non é casual, pois cada un/unha representa distintas voces e inquietudes que existen na literatura contemporánea galega.

É salientable esta procura de representación variada, escapando dun canon literario que aparece noutras antoloxías, e aínda que tres textos por poeta pouco nos poden contar sobre eles, si pode ser unha boa forma de prender un lume de interese na nosa terra para público grego que le poesía. Inclusive, esta antoloxía podería ser lida na parte só en galego como introdución non edulcorada da xuventude galega.

Só me queda agradecer o traballo detrás deste libro á editora, Manuela Palacios, pola escolla de cada voz e de cada texto, así como ás tradutoras, Sofía Karatzá e Teresa Pardo e á editora Vaxkikon por apostar e estender a cultura galega no mundo.

Tamén, e isto como *millennial*, agradecer aos dez poetas que aparecen na antoloxía por crear un espazo no que tratar temas tan importantes e tan delicados para a xente nova na Galicia contemporánea, porque a vida está chea de fendas. Grazas por berrar.

Jorge Rodríguez Durán
Universidade de Santiago de Compostela
jorge.rodriguez.duran@usc.es